

RESOLUCIÓN do 9 de agosto de 2018 pola que se publican as puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

O tribunal nomeado por Resolución do 21 de maio de 2018 para a selección de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de desenvolvemento e innovación sanitaria, elevou a esta Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde as listaxes coas puntuacións globais definitivas de dito proceso selectivo; polo que, en uso das facultades conferidas polo *Decreto 112/2015, do 31 de xullo*, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, de 19 de agosto) e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta xerencia

RESOLVE

Primeiro: Facer públicas as listaxes coas puntuacións globais definitivas do proceso selectivo de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Dita relación publicarase na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (www.acis.sergas.es).

Segundo.- De acordo coa base sexta da convocatoria, o/a aspirante a contratar en cada unha das prazas obxecto da convocatoria, é aquel/a que ten acadada a maior puntuación global definitiva para cada praza, e deberá presentar no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, a seguinte documentación ante a Axencia:

- Tarxeta Sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado médico oficial ou informe de saúde no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.5 da convocatoria.
- Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse

inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas a efectos de acreditar os extremos sinalados na base 2.1.6 da convocatoria.

Se algún dos/das candidatos/as seleccionados/as non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (caso no que se fará mediante solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da listaxe de puntuación global definitiva, que deberá presentar nun novo prazo de 5 días hábiles a documentación reseñada no punto 6.5 da convocatoria.

Despois de seleccionados/as os/as candidatos/as e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización das contratacións obxecto da convocatoria.

Terceiro.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, ante o xulgado contencioso-administrativo competente de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Todo iso sen prexuízo de que a/as persoa/s interesada/s poida interpor calquera outro recurso que mellor conveña ao seu dereito.

Santiago de Compostela, a 9 de agosto de 2018

Beatriz Allegue Requeijo

Xerente

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

